

CONVOCATORIA DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., DE DATA 30 DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS, POLA QUE SE ESTABLECE AS BASES DA DE SELECCIÓN DE PROXECTOS DE CONTIDOS DIXITAIS.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (en adiante Corporación RTVG), ten como finalidade ser un servizo de calidade de unha maneira eficaz, con garantía da súa independencia e obxectividade.

Ao teor do artigo 4 da lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e ao artigo 8 do Mandato Marco, a Corporación RTVG como servizo público ten como principio impulsar a industria audiovisual e fomentar a participación.

Por todo iso, ante a revolución dixital que estamos vivindo, a Corporación RTVG busca promover a creatividade nestas contornas procurando novas formas de produción de contidos multiplataforma e/ou transmedia que incrementen o catálogo dixital que a Corporación RTVG oferta ao seu público.

A Corporación RTVG pretende xerar contidos dixitais de calidade asociados á Corporación RTVG, que pola súa orixinalidade e relevancia, permitan novas formas de conectar coa audiencia, así como atraer potenciais novos consumidores de contidos audiovisuais. Quere buscar contidos que incorporen innovación e modernidade na forma de achegalos ao espectador, que promovan a interacción e que destaquen pola orixinalidade da súa estrutura narrativa e enfoque.

Tamén pretende facilitar ao acceso a contratación coa Corporación RTVG a pequenas empresas ou profesionais individuais que poden ter máis dificultades para presentar proxectos destinados á emisión por medios tradicionais e cun orzamento máis elevado.

Polo anterior, e sen prexuízo do establecido na Resolución do 4 de abril de 2022 pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais. A Corporación RTVG establece un procedemento singular e extraordinario para a selección de contidos dixitais.

Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é a selección de corenta e dous (42) proxectos destinados inicialmente para a emisión a través da páxina web e das redes sociais da Corporación RTVG.

.- Doce (12) proxectos deberán estar compostos por pezas de vídeo cunha duración mínima por peza de 5 minutos e máxima total de 50 minutos, sendo posible presentar tamén un único vídeo. O orzamento total de cada proxecto non poderá superar os 20.000€, máis a cota de IVE.

.- Trinta (30) proxectos deberán estar compostos por un conxunto de pezas de vídeo cunha duración mínima por peza de medio minuto e máxima total de 10 minutos, sendo posible presentar tamén un único vídeo. O orzamento de cada proxecto non poderá superar os 3.000€, máis a cota de IVE.

Sobre os proxectos seleccionados, a Corporación RTVG adquirirá determinados dereitos de explotación. O importe a aboar pola Corporación RTVG por estes dereitos será o do orzamento do proxecto, cos límites máximos establecidos para cada tipo de proxecto.

Características dos proxectos

As propostas deberán conter un dos seguintes xéneros narrativos: ficción, humor, divulgación, educación, cultura ou infotainment en formato longo ou en forma de microespazos/serie para difundir a través da nosa páxina web e das redes sociais da Corporación RTVG. As pezas deben ser feitas especificamente para a contorna dixital, empregando as linguaxes audiovisuais propias destas canles e deberán formar parte dunha estratexia global característica deste ecosistema.

Ao abeiro do artigo 6 da lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, é requisito indispensable o uso da lingua galega nos proxectos de contidos dixitais.

Formatos

Arquivos de vídeo en mp4 con resolución para web, que poden ir acompañados de materiais complementarios noutros formatos de acordo coa estratexia dixital do proxecto.

Unha vez seleccionado o proxecto e en función da natureza deste, a Corporación RTVG resérvase a posibilidade de solicitar especificacións técnicas como o formato de pantalla (6:9, 1:1, etc) ou duración dos vídeos sen que implique incrementos de custos previstos de produción.

Cesión de dereitos sobre os proxectos

A Corporación adquirirá sobre os proxectos seleccionados, como mínimo, os seguintes dereitos; de reprodución e comunicación pública en exclusiva e con capacidade de cesión a terceiros para para todo o mundo, polo tempo máximo establecido no texto refundido da lei de Propiedade Intelectual, ata entrada en dominio público e sen límite de pases para:

* a posta a disposición por procedementos 'alámbricos' ou 'inalámbricos', de tal forma que calquera persoa poida acceder aos contidos en calquera momento ou lugar.

e

* a emisión por televisión por ondas terrestres, satélite, cable e/ou IPTV.

Documentación a entregar nas propostas

A documentación mencionada nesta convocatoria a achegar polos/as propoñentes de proxectos de contidos dixitais entregárase ou remitírase ao Servizo de Xestión da Área de Contidos nunha copia en soporte dixital. A ficha de rexistro a cubrir ofrécese no **ANEXO I**.

Aos efectos de localización. Entrega e contacto en orde ao anterior a referencia a considerar por quen formulen unha proposta é: Servizo de Xestión da Área de Contidos, Corporación RTVG; San Marcos, 15820. Santiago de Compostela. Enderezo electrónico: proxectosAV@crtvg.gal; teléfono: 981 540 862.

A documentación conterá todos os elementos que a seguir se enumeran e que atenden a permitir a consideración dos proxectos nos termos establecidos:

1. A ficha de rexistro debidamente cuberta
2. Sinopse
3. Memoria descritiva do proxecto
4. Guión/Estrutura dun piloto
5. Memoria de intencións e proposta de estratexia dixital: Descrición e motivacións das plataformas ás que vai destinado, obxectivos que se perseguen, 'target' ao que vai dirixido, duración do contido, formato do contido, etc
6. Ligazóns de referencias preexistentes do tipo de contido que se propón ou prototipo do proxecto (tráiler, animación dixital, storyboards, etc)
7. Descrición e CV do equipo do proxecto
8. Orzamento proposto desagregado por partidas
9. Plan de traballo e calendario de entregas
10. Documentación administrativa precisa: declaración responsable (**ANEXO II**), certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Facenda), certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social, xustificante pago IAE, escrituras de constitución, copia autorizada do poder notarial onde se outorga poderes de representación para poder presentar as propostas e asinar o contrato, DNI da/s persoa/s física/s, certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos (**ANEXO III**).

Financiamento

Esta convocatoria conta coa existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da mesma no exercicio 2022.

Prazo de presentación

Os interesados teñen ata o 15 de agosto de 2022 ás 15 horas para presentar os seus proxectos da forma establecida nesta convocatoria.

Criterios de valoración

Seleccionarase o número máximo de proxectos establecidos nesta convocatoria entre os que acaden maiores valoracións en función dos criterios establecidos para a categoría de “Programas de televisión e outros produtos” nas bases da Resolución do 4 de abril de 2022 pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais, sempre que acaden como mínimo un 50% da valoración máxima posible.

A Corporación RTVG resérvase a posibilidade de deixar deserta total ou parcialmente a convocatoria no caso de non acadar suficiente número de proxectos que cumpran as condicións establecidas.

No non regulado nesta convocatoria aplicarase a Resolución do 4 de abril de 2022 pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais da Corporación RTVG.

En Santiago de Compostela, a 30 de xuño de 2022



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Asdo. Alfonso Sánchez Izquierdo
Director Xeral da Corporación RTVG

ANEXO I

TÍTULO DA OBRA					
DURACIÓN EN MINUTOS	Por episodio		Nº de episodios ¹		TOTAL
CUSTE NETO PARA A CRTVG EN EUROS ²		Por episodio		Nº de episodios ¹	TOTAL
					€
DATOS DA/S PERSOA/S FÍSICA/S OU XURÍDICA/S (PRODUCTORA/S) PROPOÑENTE/S					
Nome				CIF	
Enderezo		Teléfono		Correo electrónico	
DATOS DO PRODUTOR EXECUTIVO/A OU PERSOA DE CONTACTO					
Nome				DNI	
Enderezo		Teléfono		Correo electrónico	

1. Se cómpre repita a número de episodios, senón consigne "1".
2. Importe total solicitado á Corporación RTVG, sexa como prezo pago de adquisición en si dun produto e/ou dereitos, sexa como achega de coprodución.

Xeral
Dirección
CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
RTVG

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DENOMINACIÓN DO PROYECTO AUDIOVISUAL	
--------------------------------------	--

DATOS DA PERSOA XURÍDICA

Entidade mercantil que representa:	
NIF:	

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Enderezo de contacto:		

1.- DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
2. Que non concorren as seguintes circunstancias na empresa á que represento:
 - a) Ter solicitada a declaración de concurso voluntario, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, salvo que neste adquirira eficacia un convenio ou se iniciara un expediente de acordo extraxudicial de pagamentos, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso
 - b) Ser condenadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade, de disciplina de mercado, de falseamento da competencia, de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou de estranxeiría, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia medioambiental, de conformidade co establecido na normativa vixente, ou por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto así como pola infracción grave prevista no artigo 22.2. do citado texto.
 - c) Ser condenadas mediante sentenza firme por delitos de terrorismo, constitución ou integración dunha organización ou grupo criminal, asociación ilícita, financiamento ilegal dos partidos políticos, trata de seres humanos, corrupción nos negocios, tráfico de influencias, suborno, fraudes, delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade social, delitos contra os dereitos dos traballadores, prevaricación, malversación, negociacións prohibidas aos funcionarios, branqueo de capitais, delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, la protección do patrimonio histórico e o medio ambiente, ou á pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

CRVG

3. Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.
4. Que a entidade á que represento conta coa capacidade de obrar necesaria para contratar coa Corporación RTVG, conforme aos preceptos do código civil.
5. Que a entidade á que represento conta coa capacidade económica e técnica necesaria para a produción da obra audiovisual que presenta á Corporación RTVG, comprometéndose a acreditarla ante a Corporación RTVG antes da subscripción do contrato.
6. Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin e a realizar a obra segundo o orzamento que se xunta.
7. Que acreditarei a posesión e validez dos documentos necesarios para contratar coa Corporación RTVG e achegarei ditos documentos, cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á formalización do contrato.
8. Que a entidade á que represento cumpre coa normativa vixente, especialmente o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo que resulte de aplicación, así como coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ademais cumpre puntualmente coas súas obrigas salariais cos seus traballadores e co pagamento das cotas da Seguridade social.
9. Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
10. Que a entidade á que represento está dada de alta na matrícula correspondente do imposto de actividades económicas:
 - ☐ Está ao corrente no pagamento.
 - ☐ Está exenta, de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- CONSULTA DE DATOS. OPCIONS (marcar unha das opcións)

A. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- ☐ Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- ☐ Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- ☐ Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- ☐ Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes

☐ Consulta datos de identidade de persoas físicas

B- OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

- ☐ De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran pola Corporación RTVG sexan consultados directamente por esta e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida.

3-. SUBCONTRATACIÓN (información non esixible nos proxectos de apoio á produción cinematográfica)

Para a produción da obra declaro que:

- ☐ A entidade á que represento non ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra audiovisual
- ☐ A entidade a que represento ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra audiovisual:

INDICACIÓN PARTE DO CONTRATO SUBCONTRATADA	INDICACIÓN SUBCONTRATISTA	PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN

4- CÓDIGOS ÉTICOS

Manifesta coñecer o modelo de prevención de delitos da Corporación RTVG que se encontra dispoñible na súa paxina web e o alcance e o contido do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 (DOG nº 179 do 19 de setembro de 2014), aplicable as entidades instrumentais do sector público autonómico.

En, o ... de de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

ANEXO III

Don.....con DNI, con domicilio en
..... ante a Corporación de Radio e Televisión de Galicia,
S.A.

DECLARA

Que con relación a obra audiovisual provisionalmente titulada “.....”, é a única titular en réxime de exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, da integridade dos dereitos de propiedade intelectual sobre o argumento e guión, incluído o de transformación en obra audiovisual. Dereitos que posúe por telos adquiridos dos seus creadores, para todo o mundo e ata a entrada da obra no dominio público.

O que declara a tódolos efectos necesarios perante Corporación RTVG, S.A. e terceiros, responsabilizándose da súa declaración a tódolos efectos previstos na lexislación vixente.

En Santiago de Compostela , a de de 2022

Asdo.:

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

RTVG